Rudesíndus 3/2008. Pgs. 9-10

Límiar

Cábeme a honra e a satisfacción de presentar ós nosos lectores o terceiro número da revista *Rudesindus. Miscelánea de Arte e Cultura*, da que recentemente fun nomeado director merced a amabilidade dos membros da Academia Auriense-Mindoniense de San Rosendo. Con este novo volume váise consolidando un proxecto que naceu titubeante e cheo de incertidumes, pois non é sinxelo nestes tempos crear e consolidar unha nova revista cando a oferta ó público se multiplica continuamente. Con todo, as esperanzas postas nela afírmanse risoñamente, e con ilusión estamos xa a pensar no vindeiro número.

Nacía *Rudesindus* hai dous anos, cando se comezaba tamén a matinar na posibilidade de crear unha academia que servise para manter vivos os logros acadados coa celebración do mil cen aniversario do nacemento de San Rosendo, efemérides que tiña dado ocasión a senlleiras iniciativas espirituais e científicas, que parecía obligado continuar alentando no futuro en lugar de deixalas murchar deica a chegada dun novo aniversario, como xa tiña acontecido reiteradamente no pasado. Hoxe a Academia Auriense-Mindoniense de San Rosendo é unha prometedora realidade e a revista comeza tamén a cumplir un dos obxetivos para os que foi concebida, servir como seu canle de expresión dando a coñecer á sociedade galega o froito das súas actividades.

Pero *Rudesindus* pretende ser –eo xa- algo máis. Quere contribuír ó desenvolvemento da investigación sobre a nosa Historia e a nosa Cultura en xeral, por iso as súas páxinas están abertas a todos aqueles que andan a procura dun foro no que divulgar o froito dos seus traballos. Os estudosos do pasado e o presente de Galicia e Portugal, irmandados na figura senlleira de San Rosendo, contan pois con estas páxinas para axudar ó mellor coñecemento da nosa realidade nas súas diversas facianas. Neste senso, no podemos esquecer que Galicia é tamén meta de peregrinacións; os camiños do Norte e do Sur, menos mimados pola investigación, pero de maneira progresiva obxecto dun maior interés, como o demostran recentes iniciativas das que hai pouco se facían eco os medios de comunicación, tamén serán

tema prioritario para a nosa revista, contribuindo así ó esclarecemento do fenómeno xacobeo naqueles eidos máis ignorados, como tamén ó mellor coñecemento da xeografía estreitamente vencellada ó fundador de Celanova.

O volumen que hoxe presentamos reflicte tódalas características e obxectivos amentados. Publícanse nel os textos relativos á constitución en Celanova o derradeiro 22 de Novembro de 2008 da Academia Auriense-Mindoniense de San Rosendo. Recolle así mesmo tres interesantes artigos sobre a figura do noso patrono e o seu tempo, froito da labor de tres destacados especialistas, D. Manuel Carriedo Tejedo, D. José Méndez Pérez e D. Segundo L. Pérez López. Outros tres traballos, escritos por D. Alejandro Barral, D. Miguel A. González García e D. Ernesto Zaragoza Pascual, desenvolven interesantes aspectos relacionados coa Historia da Arte, vencellados tamén con San Rosendo ou Celanova. Non está ausente o mundo das peregrinacións, abordado no artigo de Francisco Singul, quen leva a cabo unha interesante análise comparativa entre as peregrinacións xacobeas e as que teñen lugar ó santuario de Kumano, no Xapón. Remata, finalmente, este número de *Rudesindus* con duas seccións que aspiramos a que se convirtan en fixas; unha, que chamamos "Documentos", na que publicaremos aqueles, inéditos ou de difícil consulta, que teñan especial relevancia e vencellamento con temas rosendianos, e outra adicada a recensións e bibliografía.

Non podo concluir sen deixar constancia do agradecemento da Academia e especialmente dos integrantes da redacción da revista, á Dirección Xeral de Turismo e á Xerencia do Plan Xacobeo da Xunta de Galicia, que unha vez máis ten permitido co seu apoio económico que as nosas arelas se convertisen nunha firme realidade. Quero agradecer tamén a calurosa acollida que entre os lectores acadaron os dous números anteriores; confiamos que ese interés se manteña no futuro afiuzando así este proxecto do que agardamos tan satisfactorios resultados.

Domingo L. González Lopo